



# Mulleres de Pontevedra na residencia de señoritas de Madrid: un feixe de intelectuais e pioneiras

Anxo Serafín Porto Ucha. Universidade de Santiago de Compostela  
Raquel Vázquez Ramil. Universidade de Valladolid

## I. Introducción

A *Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas* (JAE), entidade oficial creada en 1907, fomentou a renovación pedagóxica e científica en España no primeiro terzo do século XX, partindo dos principios da *Institución Libre de Enseñanza* (ILE). Unha das súas obras máis salientables foi a Residencia de Señoritas ou Grupo Feminino da Residencia de Estudiantes, aberta en Madrid en 1915 co fin de acoller ás mulleres que ían á capital a cursar estudos universitarios, a ampliar a súa cultura ou a preparar oposicións a diferentes corpos da Administración. A dirección da Residencia encomendouse a María de Maeztu y Whitney, mestra de orixe vasca e irmá do intelectual Ramiro de Maeztu, que fora alumna de Unamuno na Universidade de Salamanca e de Ortega y Gasset na Escola Superior de Maxisterio de Madrid e que tiña unha sólida formación pedagóxica e filosófica.

Cando a Residencia de Señoritas abre as súas portas en outubro de 1915, é escaso o número de universitarias en España. A incorporación das mulleres aos estudos medios e superiores experimentará un avance despois da Primeira Guerra Mundial e nos anos vinte e trinta. Entre as mil cento setenta e cinco mulleres que viviron na Residencia de Señoritas dende outubro de 1915 ata xullo de 1936, temos localizadas trinta e tres galegas. Destacan as que desenvolveron carreiras no ámbito do maxisterio ou a pedagogía; outras cursaron

as carreiras de Farmacia, Medicina, Filosofía e Letras ou Ciencias; e outras seguiron estudos artísticos de distinto carácter ou prepararon oposicións.

Ímonos centrar nas residentes de Pontevedra, que foi a provincia galega que enviou a máis mulleres a Madrid, o cal se explica pola relación da familia García Arenal cos círculos da Institución Libre de Enseñanza. Fernando García Arenal, fillo de Concepción Arenal, foi enxeñeiro do porto de Vigo, e na cidade morreu a pensadora ferrolá; os García Arenal formaron unha rede de relación na provincia de Pontevedra, que explica os vínculos cos centros da JAE en Madrid.

## 2. Mulleres de Pontevedra na residencia de señoritas de Madrid

**M<sup>a</sup> Isabel Barreiro Fernández** naceu en Vilagarcía de Arousa, onde o seu pai, José Barreiro Meiro, era notario. Isabel Barreiro estudou na Escola Superior do Maxisterio entre 1927 e 1930, un centro de elite no que se ingresaba tras un duro exame e que preparaba para postos na inspección de ensino primario ou na docencia en Escolas Normais. Tras rematar os estudos deu clase na sección de párvulos do Instituto-Escuela, un centro experimental, tamén creado pola JAE, para servir de modelo de integración do ensino primario e o secundario. Segundo Ricardo Gurriarán, Isabel casou cun membro da Residencia de Estudiantes, a homónima masculina aberta en 1910, pola que pasaron non poucos galegos. O seu marido

pertenceu ao corpo diplomático. Isabel morreu en Pamplona en 1960, aos 55 anos de idade.

Entre as farmacéuticas cabe salientar a **Marina Peña-Rey Bouzas**, natural de Viascón (Pontevedra). Era filla do xinecólogo ourensán Manuel Peña Rey e de Celia Bouzas Barreiro, vinculados ao Partido Galeguista. Marina casou co ovetense Luis Fanjul Álvarez-Santullano, que vivía na Residencia de Estudiantes e que foi xefe do laboratorio de hematoloxía da Facultade de Medicina de Madrid nos anos 30 (Simón Lorda 2010). Tras a guerra exiliáronse en México, onde morreu Marina no ano 2002.

**Olimpia Valencia López** naceu en Baltar (Ourense) en 1898, pero aos 12 anos trasladouse coa súa familia a Vigo. Estudou Medicina en Santiago e licenciouse en 1925 con premio extraordinario. Mudouse logo a Madrid para facer o doutoramento co doutor Recaséns, catedrático de Obstetricia. Viviu tres anos na Residencia, onde desempeñou diversas tarefas, como dar clases de cultura xeral ás residentes ou o posto de médica do Instituto-Escuela. Afín a círculos galeguistas, foi detida en 1937 e salvouse polas boas referencias que dela deron persoas influentes de Vigo. Foi médica do seguro nacional de enfermidade a partir dos anos 40 e exerceu a medicina privada na viguesa rúa do Príncipe ata a súa xubilación.

A carreira de Filosofía e Letras, considerada complementaria doutras no caso dos varóns, feminizouse moi



Crónica, 1930 (BNE)

Arte en Madrid  
artedmadrid.wordpress.com

pronto por entender que era especialmente adecuada á sensibilidade feminina, sobre todo cando se orientaba ao traballo en arquivos e bibliotecas. **Raquel Lesteiro López** naceu en Pontevedra o 29 de agosto de 1902; era filla de Manuel Lesteiro Martínez, membro da Sociedade Económica de Amigos do País de Pontevedra e propietario da Sastretería Lesteiro, a máis antiga de Pontevedra. Estudou Filosofía e Letras e viviu na Residencia no curso 1921-22, xunto coa súa irmá Celia. Raquel casou en 1928 co santiagués Ramón Iglesia Parga, facultativo da Biblioteca Nacional de España e director da Sección Hispanoamericana do Centro de Estudos Históricos, impulsado por Américo Castro. En 1936 Raquel era auxiliar da biblioteca da Facultade de Dereito da Universidade Complutense de Madrid; posteriormente prestou servizos no arquivo da Delegación de Facenda de Pontevedra e no da Diputación, xubilándose en 1966.

Ocupación moi distinta foi a de **Celia Martínez Lesteiro** quen, seguindo a estela paterna, especializouse en

Corte e Confección e viviu tamén na Residencia en 1921-22. En 1923 Celia abriu no número 25 da pontevedresa rúa Peregrina unha academia de corte e confección, converténdose en profesora da materia na Sociedade Económica de Amigos do País de Pontevedra a partir de 1927.

**Carmen Bugallo Orozco** naceu en Pontevedra en 1913 e viviu na Residencia entre 1932 e 1935, mentres estudaba Filosofía e Letras. En 1942 acadou a cátedra de Xeografía e Historia do Instituto de Pontevedra, e ao ano seguinte casou con Mariano García Martínez, catedrático de Ciencias Naturais do Instituto. Mariano García, natural de La Aguilera (Burgos), tiña unha sólida carreira e fora aspirante ao maxisterio secundario no Instituto-Escuela de Madrid en 1925; nos anos 30 prestou servizos na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago, como profesor de Bioloxía; apartado da docencia universitaria durante a guerra, incorporouse como catedrático de Ciencias Naturais ao Instituto

de Pontevedra, onde desempeñou un inesquecible labor entre xeracións de alumnos que o recordan con cariño. Na actualidade, o Museo de Ciencias Naturais do IES Sánchez Cantón leva o nome de "D. Mariano García Martínez" en xusta homenaxe á súa memoria. Na familia Bugallo Orozco houbo singularidade, e así, Rogelio Antonio, irmán de Carmen, militar, era capitán do rexemento de enxeñeiros do Pardo; en xullo de 1936 non se presentou ante as autoridades militares que deron o golpe en Pontevedra, pois non as recoñecía como lexítimas; foi detido, xulgado, condenado a un ano de cadea por inxurias e depurado do exército (Álvarez Castro). Destino moi diferente tivo o outro irmán, Emilio, arquitecto municipal de Vigo a quen se debe, entre outras obras, a Cruz dos Caídos do Monte do Castro.

As que aspiraban a unha formación musical completa tiñan que acudir a Madrid para estudar no Conservatorio Superior de Música e Declamación. Foi o caso da viguesa **Sofía Novoa Ortiz**, que viviu na Residencia catorce



anos e chegou a ser unha das persoas máis próximas a María de Maeztu. Filla de Joaquín Novoa, presidente da Conxunción Republicano-Socialista de Vigo, estudou Solfexo e Piano no Real Conservatorio de Madrid. A continuación, especializouse en Lisboa con Vianna da Motta, Cerva e Rei Colaço. En 1931 viaxou a París para estudar técnica e composición con Alfred Cortot e Nadia Boulanger, e a partir de entón encargouse das clases de ximnasia rítmica no Instituto-Escola, da dirección dun grupo da Residencia e de dar clases de Historia da Música no centro. En xullo de 1937, partiu do porto de Vigo rumbo a Estados Unidos para desempeñar o cargo de auxiliar da sección de Folclore Hispanoamericano na Universidade de Columbia. En 1940, instalouse en Vassar College, unha selecta universidade de mulleres americana que tivera fortes lazos coa Residencia de Señoritas, e alí permaneceu ata a súa xubilación en 1967. Morreu en Madrid en 1987. Os dous irmáns de Sofía, Francisco e Joaquín, tamén estudaron en Madrid e viviron na Residencia de Estudantes; Francisco, enxeñeiro, foi axudante de Obras Públicas en Vigo, e Joaquín traballou na empresa Zeltia. Dende o ano 2016 a Deputación de Pontevedra concede un premio anual a aqueles traballos de fin de grao e máster da Universidade de Vigo que integren a perspectiva de xénero na investigación, co nome de "Sofía Novoa", para honrar a memoria dunha muller que desenvolveu unha carreira exemplar.

**M<sup>a</sup> Antonina Sanjurjo Aranz** naceu en Santiago en 1910, pero pertencía a unha coñecida familia viguesa, pois o seu avó era o empresario Antonio Sanjurjo Badía. Tras estudar peritaxe mercantil en Vigo e A Coruña, trasladouse a Madrid en 1931 para completar a súa formación na Facultade de Dereito e na Escola de Altos Estudos Mercantís, aloxándose

na Residencia de Señoritas. Alí afecionouse a un deporte que introducirá en Galicia, o hóckey sobre herba feminino. En agosto de 1934, viaxa a Estados Unidos cunha bolsa para estudar no Smith College. Interesada en estudar Xeografía económica, en 1935 solicita una bolsa na School of Geography da Clark University. Cando estaba centrada nas súas investigación, enfermou gravemente de tuberculose; a súa nai e unha das súas irmás fórona buscar a Estados Unidos e acompañaron ata Vigo, onde morreu en 1939, sen chegar a cumprir 30 anos.

Exemplo de inquietude e profesionalidade é o de **Rita Fernández Queimadelos**, que naceu no lugar de A Torre (Valeixe-A Cañiza) en 1911. Os seus pais rexentaban unha mercería no centro de Ourense, pero Rita pasou gran parte da súa infancia e adolescencia na Torre, coa súa avoa, unha muller de forte carácter que a marcou para acadar todos os seus sonos sen reparar nos obstáculos que por entón se poñían ás mulleres. Tras vencer a reticencia do seu pai, decidiu estudar Arquitectura en Madrid, aloxándose na Residencia de Señoritas a partir de 1930. Despois de superar o ingreso na carreira, fixo catro cursos entre 1932 e 1936; rematou en 1940, logo da interrupción da guerra civil, sendo a segunda muller de España en conseguir o título de arquitecta e a primeira en exercer como tal. Entre 1941 e 1946 traballou como arquitecto na Oficina de Rexións Devastadas. Casou en 1942 con Vicente Irazo Rubio, catedrático de Ciencias na Universidade de Murcia, co que tivo seis fillos. Rita exerceu posteriormente como arquitecta escolar provincial en Murcia e firmou tamén proxectos particulares. Xubilou en Barcelona, onde faleceu en 2008 con 97 anos.

Outras mulleres de Pontevedra pasaron pola Residencia de Señoritas en estadias máis ou menos extensas;

todas elas recibiron unha influencia que marcou as súas vidas e que as converteu, no seu momento, en avanzadas. A guerra civil truncou moitas vidas e afundiou moitas ilusións; Marina Peña Rey morreu no exilio, Sofía Novoa preferiu a vida no outro lado do mar; as familias sufriron bágoas, como no caso dos Bugallo Orozco, pero queda o recordo dunhas mulleres que hoxe, un século despois seguen a ser modelo e inspiración, e para Pontevedra símbolo e orgullo.

## Bibliografía

ÁLVAREZ CASTRO, Xosé (2016). Un militar leal: Rogelio Bugallo Orozco. *Pontevedra nos anos do medo*. Accesible en: <https://anosdomedo.blogspot.com/2016/07/>

FERNÁNDEZ-GAGO LONGUEIRA, Paula (2015). Rita Fernández Queimadelos. Unha arquitecta pioneira dentro e fóra de Galicia. *Cultura Galega. Álbum de Mulleres*. Accesible en: <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1030>

FUENTES, Ana (2019). *Olimpia Valencia. Ocho décadas de historia desde los ojos de una pionera*. Vigo: Instituto de Estudios Vigüeses.

GURRIARÁN, Ricardo (2006). *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago. Do influxo institucionalista e a JAE á depuración do profesorado*. Santiago de Compostela: Universidade de id.

PORTO UCHA, Ángel Serafín y VÁZQUEZ RAMIL, Raquel (2012). La Residencia de Señoritas de Madrid: un proyecto de educación superior para mujeres en España. En: Hernández Díaz, José M<sup>a</sup> (Coord.), *Formación de élites y educación superior en Iberoamérica (ss. XVI-XXI)*, vol. 1, pp. 603-614. Salamanca: Hergar Ediciones.

SIMÓN LORDA, David (2010). Os nomes do exilio (médico, republicano, galego). *Cadernos de atención primaria*, vol. 17, pp. 264-270.

VÁZQUEZ RAMIL, Raquel (2012). *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Residencia de Señoritas de Madrid (1915-1936)*. Madrid: Akal.

VÁZQUEZ RAMIL, Raquel (2012). Mulleres galegas na Residencia de Señoritas de Madrid. "cando van, van como rosas..." *Sarmiento: Anuario galego de Historia da Educación*, nº 16, pp. 101-120. Accesible en: [https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/12163/SAR\\_16\\_2012\\_art\\_6.pdf?sequence=1&isAllowed=y](https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/12163/SAR_16_2012_art_6.pdf?sequence=1&isAllowed=y)

VÁZQUEZ RAMIL, Raquel (2014). A pegada das galegas na Residencia de Señoritas de Madrid, facendo camiño ao andar. *Innovación Educativa*, nº 24, pp. 313-319. Accesible: <file:///C:/Documents%20and%20Settings/Administrador/Mis%20documentos/Downloads/2214-9373-1-PB.pdf>